



## Requisitos mobilidade ETSAC

Os alumnos da ETSAC que participen en estancias de mobilidade desde o curso 2017-18, ademáis de cumprir as condicións fixadas na convocatoria correspondente da UDC, deberán de atender aos seguintes requisitos:

1.-Para o recoñecemento de materias cursadas en destino se requerirá equivalencia en créditos ECTS e equivalencia en contidos das materias de orixe e destino. Na ausencia de créditos ECTS atenderase á equivalencia en horas (1 ECTS = 10 horas presenciais).

2.-O máximo desaxuste anual ou semestral entre créditos ECTS ou equivalente en horas de materias cursadas en destino e orixe non será superior ao 5%, en ningún caso.

3.-A calificación dunha materia de orixe que teña vinculada máis dunha materia en destino será a media das calificacións obtidas en destino, ponderada segundo o número de créditos. Esa media ponderada só será de aplicación no caso de aprobar as materias vinculadas en destino. No caso de suspender algunha desas materias de destino a puntuación máxima equivalente será de 4, aínda que a media ponderada superara esa nota.

4.-As calificacións dunha ou máis materias de orixe que teñan vinculada unha soa materia en destino será a calificación de dita materia obtida en destino.

5.-Non será obxecto de mobilidade internacional para os alumnos da ETSAC nin o Traballo Fin de Grao nin o Proxecto Fin de Carreira ou Mestrado, tanto en Boloña 1 como en Boloña 2.

Aprobado en comisión Docente da ETSAC con data 18.07.2017